

I

ANÁLISE DO GASTO EN EDUCACIÓN UNIVERSITARIA EN ESPAÑA, EUROPA E A OCDE E DOS MODELOS DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO NO ESTADO ESPAÑOL

- Análise do gasto en educación universitaria en España, Europa e a OCDE
- Análise comparada dos modelos de financiamento universitario no Estado español

ANALISE DO GASTO EN EDUCACIÓN UNIVERSITARIA EN ESPAÑA, EUROPA E A OCDE

Segundo datos proporcionados na Conferencia de Rectores das Universidades Españolas, no ano 2000 os gastos contraídos polo conxunto das Universidades públicas presenciais españolas ascendeu a 5.241 millóns de euros, que representan o 0,8024% do PIB pm no citado ano.

No que respecta á comparación do gasto dedicado á educación superior en varios países no ano 1998, o **cadro 2.1.**, mostra o gasto en dólares americanos que se realiza nos centros públicos e privados de educación superior por alumno, así como a porcentaxe que este gasto representa sobre o PIB do país. Neste senso no ano 1998 o gasto por alumno de ensinanza superior en España era de 5.038 \$, alcanzando só o 55,5% do gasto medio por alumno nos países das OCDE, e por debaixo de países como Suecia, Reino Unido ou Irlanda entre outros. No que respecta ó gasto no sistema educativo superior e tomando como ano base 1995, observamos que entre os países analizados dos que se dispón de datos, España é o cuarto país cun índice maior de cambio de gasto entre os anos

1995 e 1998, acadando os 119 puntos, por detrás de países como Turquía, Irlanda ou Portugal.

No que respecta á porcentaxe de PIB que os citados gastos en educación superior pública e privada representaban no ano 1998, esta ascendía en España ó 1,11% do PIB, 0,22 puntos porcentuais por debaixo da media da OCDE, situada no 1,33% do PIB.

As axudas a estudantes en España, no ano 1998, representaban o 0,1% do PIB fronte a un 0,27% de media na OCDE; as axudas por estudante en España só alcanzaban o 24,7% da axuda media percibida polos alumnos nos países OCDE; por outra banda salienta-la diferenza existente entre os 454 dólares percibidos polos alumnos en España fronte ós 5.068 dólares que percibían de media os alumnos en Suecia.

Destacar finalmente que o gasto en educación superior realizado en países veciños como son Portugal, Francia ou Irlanda é significativamente superior ó realizado por España.

CADRO 2.1.

Gasto en educación superior 1998

	Gasto en institucións		Axudas a estudantes		Total gasto		Índice 95/98 ⁽¹⁾
	(\$ por alumno)	(% PIB)	(\$ por alumno)	(% PIB)	(\$ por alumno)	(% PIB)	
Suecia	13.224	1,67	5.068	0,64	18.292	2,31	-
Reino Unido	9.699	1,11	3.408	0,39	13.107	1,50	101
Irlanda	8.522	1,38	1.112	0,18	9.634	1,56	134
Finlandia	7.327	1,67	1.579	0,36	8.906	2,03	105
Francia	7.226	1,13	512	0,08	7.738	1,21	105
Corea	6.356	2,51	51	0,02	6.407	2,53	-
Italia	6.295	0,84	1.124	0,15	7.419	0,99	116
Portugal	6.073	1,04	350	0,06	6.423	1,10	124
Rep. Checa	5.584	0,88	381	0,06	5.965	0,94	94
España	5.038	1,11	454	0,10	5.492	1,21	119
Polonia	4.262	1,16	220	0,06	4.482	1,22	-
Grecia	4.157	1,21	137	0,04	4.294	1,25	-
Turquía	2.397	0,84	57	0,02	2.454	0,86	145
Media OCDE	9.063	1,33	1.840	0,27	10.903	1,60	-

(1) Índice de cambio entre 1995 e 1998 no gasto educativo en institucións públicas e privadas (1995=100)

Fonte: Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE), La universidad española en cifras; OCDE

CADRO 2.2.

Gasto público en educación superior en termos porcentuais 1998

	Gasto en institucións	Axudas ós estudantes		
		Bolsas	Préstamos	Total
		(%)		
R. Unido	65	25	11	36
Dinamarca	69	26	5	31
Suecia	70	10	20	30
P. Baixos	58	17	26	43
Italia	81	19	-	19
Finlandia	82	17	-	17
Irlanda	85	15	-	15
Alemaña	88	9	2	11
España	89	11	-	11
Austria	72	13	15	28
Francia	92	8	-	8
Portugal	94	6	-	6
Grecia	97	3	-	3
OCDE	82	12	5	17

Fonte: CRUE, La universidad española en cifras

CADRO 2.3.

Estructura do gasto en educación superior 1998

	Gasto		Gasto corrente	
	Corrente	Capital	Persoal	Outros
	(%)			
Suecia	-	-	56	44
R. Unido	99	1	57	43
Grecia	70	30	62	38
Finlandia	92	9	64	36
Francia	89	11	70	30
Portugal	84	16	70	30
Austria	92	8	71	29
Irlanda	92	8	73	27
Alemaña	89	11	76	24
Italia	82	18	76	24
Holanda	94	6	76	24
Dinamarca	87	13	78	22
España	78	22	79	21
OCDE	87	13	70	30

Fonte: CRUE, La universidad española en cifras

CADRO 2.4.

Estructura e aplicación do financiamento neto das universidades públicas españolas 2000

	Gastos correntes			Gastos de Capital			Gastos Financieros			Obrigas Netas			Saldo presupostario (F.N. - Obr. N.) (euros)
	Capítulo 1 (euros)	(%)	Capítulo 2 (euros)	(%)	Capítulo (1+2+3) (euros)	(%)	Capítulo (6+7) (euros)	(%)	Capítulos (3+8+9) (euros)	(%)	G.C.+G.Cap.+G.F. (euros)	(%)	
U. de Cataluña	463.582.546	57,00	124.577.899	15,32	613.308.980	75,41	179.849.728	22,11	20.140.775	2,48	813.299.484	15,52	57.030.238
U. de Castela-A Mancha	57.993.176	49,64	18.924.452	16,45	78.355.383	68,12	35.983.932	31,28	681.108	0,59	115.020.423	2,19	28.872.086
U. de Valencia	294.233.711	47,44	84.171.771	13,57	387.115.166	62,41	185.208.593	29,86	47.948.149	7,73	620.271.908	11,83	23.999.638
U. de Extremadura	56.806.533	69,21	9.441.710	11,54	66.583.494	81,40	15.180.491	18,56	30.286	0,04	81.794.271	1,56	4.735.561
U. do Pais Vasco	149.054.826	64,32	43.286.001	18,68	196.839.609	85,80	32.807.984	14,16	90.372	0,04	231.737.975	4,42	4.123.786
U. de Ilas Canarias	139.314.819	68,50	21.685.279	10,66	164.617.143	80,94	22.979.606	11,30	15.785.362	7,76	203.382.111	3,88	3.511.576
U. de I. Baleares	28.163.780	57,27	9.312.865	18,94	38.075.336	77,42	11.104.828	22,58	-	-	49.180.164	0,94	3.331.149
U. de Navarra	25.624.845	55,19	11.183.913	24,11	38.772.416	83,51	7.622.281	16,42	35.888	0,08	46.430.585	0,89	3.088.792
U. de Aragón	97.863.033	65,75	20.388.839	13,78	118.375.008	80,03	29.418.220	19,89	124.367	0,08	147.917.595	2,82	84.406
U. de Murcia	79.152.735	52,52	15.975.306	10,60	97.639.334	64,78	51.544.750	34,20	1.530.128	1,02	150.714.212	2,88	-362.474
U. de Cantabria	37.937.300	54,74	8.509.502	12,27	47.596.186	68,61	21.679.005	31,25	99.594	0,14	69.374.785	1,32	-1308.319
U. de A Ríoxa	15.137.691	49,11	4.466.462	14,49	20.710.245	67,19	9.781.311	31,73	332.223	1,08	30.823.779	0,59	-2.401.768
U. de Madrid	572.304.849	60,23	120.647.252	12,70	712.070.538	74,94	226.863.447	23,87	11.300.700	1,19	950.234.686	18,13	-6.165.109
U. de Asturias	83.395.967	54,01	19.082.425	12,36	104.890.654	67,93	49.493.244	32,05	36.193	0,02	154.420.091	2,95	-9.757.343
U. de Castela e León	220.169.194	59,90	53.296.092	14,50	281.680.617	76,64	84.574.013	23,01	1.290.873	0,35	387.545.503	7,01	-12.559.045
U. de Galicia	182.946.732	53,37	45.847.438	13,37	236.898.849	69,11	104.573.141	30,51	1.334.444	0,39	342.806.434	6,54	-28.089.904
U. de Andalucía	556.920.753	64,24	107.509.365	12,40	677.205.418	78,11	174.579.879	20,14	15.170.312	1,75	866.955.609	16,54	-36.879.928
Total UU.PP. Presenciais	3.058.942.491	58,36	718.316.672	13,70	3.882.734.376	74,07	1.243.244.464	23,72	115.930.775	2,21	5.241.909.616	100	29.233.341

Fonte: CRUE, La universidad española en cifras

CADRO 2.5.

Indicadores de gastos das universidades públicas das CCAA en relación co PIB no 2000

	GASTOS / P.I.R.B. p.m.		
	(1)	(2)	(3)
U. de Asturias	0,7183	0,3389	1,0574
U. de Andalucía	0,7927	0,2044	1,0148
U. de Murcia	0,6520	0,3442	1,0064
U. de Castela e León	0,7598	0,2282	0,9914
U. de Galicia	0,6530	0,2883	0,9449
U. de Valencia	0,5732	0,2743	0,9185
U. de Cantabria	0,5996	0,2731	0,8740
U. de Madrid	0,6438	0,2051	0,8591
U. de Illas Canarias	0,6354	0,0886	0,7838
U. de Aragón	0,5720	0,1422	0,7148
U. de Extremadura	0,5435	0,1239	0,6676
U. de Cataluña	0,4999	0,1466	0,6629
U. de A Ríoxa	0,4072	0,1923	0,6060
U. do País Vasco	0,5168	0,0853	0,6023
U. de Castela-A Mancha	0,3402	0,1562	0,4993
U. de Navarra	0,3507	0,0690	0,4199
U. de I. Baleares	0,2144	0,0626	0,2769
Total UU.PP. Presenciais	0,5944	0,1903	0,8024

(1) Gastos correntes, excluídos gastos financeiros / P.I.R.B. p.m.

(2) Gastos de capital / P.I.R.B. p.m.

(3) Total de obrigas contraídas / P.I.R.B. p.m.

Fonte: CRUE, La universidad española en cifras

A distribución do gasto público en educación superior mostrada no **cadro 2.2.**, revela que a porcentaxe do gasto que en España se dedica ás axudas ós estudantes é do 11%, cinco puntos porcentuais por debaixo da media dos países da OCDE, a porcentaxe de gasto en institucións é 7 puntos porcentuais menor que a porcentaxe media dos países da OCDE.

A análise da estrutura do gasto en educación superior mostra que en España se dedica a gastos de capital o 22% do gasto total, destinado fundamentalmente ó investimento en infraestruturas, e que está por encima da media dos países OCDE, e só por debaixo de Grecia dentro dos países analizados no **cadro 2.3.**, así mesmo o 79% do gasto corrente total dedícase a gastos de persoal, porcentaxe que supón o 61,62% dos gastos totais; a porcentaxe de gastos de persoal nas universidades públicas españolas está 9 puntos porcentuais por encima da media dos países da OCDE no ano 1998.

Unha vez analizado o estado de gastos destinados á educación superior en España en comparación con outros países así como coa media da OCDE, hai que ter en conta o feito de que en España existe un modelo descentralizado na provisión e xestión dos servizos educativos, configurando

un mapa universitario que no curso académico 2000-2001 estaba composto por dezasete sistemas universitarios nos que operaban corenta e sete universidades públicas que desenvolvían docencia presencial.

Tal como se sinalou anteriormente e como se mostra nos **cadros 2.4. e 2.5.**, no ano 2000 os gastos contraídos polo conxunto das universidades públicas presenciais españolas ascendeu a 5.241,9 millóns de euros, o que representa o 0,8024 do PIB a prezos de mercado; no caso da Universidade galega estes gastos ascenderon a 324,8 millóns de euros o que representa o 0,9449 do PIRB (Producto Interior Rexional Bruto) a prezos de mercado, e o 6,54% do total de gastos das universidades públicas españolas no ano 2000. As obrigas netas contraídas pola universidade de Galicia no ano 2000, foron 28 millóns de euros superiores ó financiamento neto do exercicio.

Os alumnos matriculados no curso 2000-01 no sistema universitario galego representaban o 7,28% do total de alumnos matriculados no primeiro e segundo ciclo no conxunto do Estado (**cadro 2.6.**), esta porcentaxe é 0,74 puntos porcentuais superior á porcentaxe de gastos da universidade de Galicia sobre o total estatal; este diferencial é o segundo en importancia das dezasete

CADRO 2.6.

Ingresos, gastos e alumnos matriculados de 1º e 2º ciclo no curso 2000-2001 nas universidades públicas das CCAA: porcentaxes sobre o total estatal

	Ingresos	Gastos	Alumnos	Diferencial alumnos-gastos	Diferencial alumnos-ingresos
	(%)				
U. de Andalucía	15,75	16,54	20,41	3,87	4,66
U. de Galicia	5,97	6,54	7,28	0,74	1,31
U. de Extremadura	1,64	1,56	2,13	0,57	0,49
U. de Aragón	2,81	2,82	3,15	0,33	0,34
U. de Castela e León	6,73	7,01	6,96	-0,05	0,22
U. de Asturias	2,74	2,95	2,93	-0,02	0,18
U. de I. Baleares	1,00	0,94	1,05	0,12	0,06
U. de A Ríoxa	0,54	0,59	0,55	-0,04	0,01
U. de Murcia	2,85	2,88	2,73	-0,15	-0,12
U. de Navarra	0,94	0,89	0,72	-0,17	-0,22
U. de Castela-A Mancha	2,69	2,19	2,45	0,25	-0,24
U. do País Vasco	4,47	4,42	4,21	-0,21	-0,27
U. de Cantabria	1,29	1,32	1,02	-0,30	-0,27
U. de Illas Canarias	3,93	3,88	3,57	-0,31	-0,35
U. de Valencia	12,22	11,83	10,56	-1,27	-1,66
U. de Madrid	17,91	18,13	16,22	-1,91	-1,69
U. de Cataluña	16,51	15,52	14,07	-1,45	-2,44
Total UU.PP. Presenciais	100	100	100	0,00	0,00

Fonte: CRUE, La universidad española en cifras

CADRO 2.7.

Estructura do estado presupostario dos gastos contraídos das universidades públicas das CCAA 2000

	Gastos correntes					Outros gastos				Total Gastos
	Capítulo 1	Capítulo 2	Capítulo 3	Capítulo 4	Subtotal (%)	Capítulo 6	Capítulo 7	Capítulo 8	Capítulo 9	(euros)
U. de Madrid	60,23	12,70	0,62	2,01	75,56	22,78	1,10	0,16	0,41	950.234.686
U. de Andalucía	64,24	12,40	0,36	1,47	78,47	19,80	0,34	0,90	0,49	866.955.609
U. de Cataluña	57,00	15,32	2,35	3,09	77,76	21,40	0,72	0,12	0,01	813.299.484
U. de Valencia	47,44	13,57	4,20	1,40	66,61	29,65	0,21	0,08	3,45	620.271.908
U. de Castela e León	59,90	14,50	0,30	2,24	76,94	22,99	0,02	0,05	-	367.545.503
U. de Galicia	53,37	13,37	0,01	2,36	69,11	30,50	0,00	0,38	-	342.806.434
U. do País Vasco	64,32	18,68	0,00	2,80	85,81	14,16	-	0,04	-	231.737.975
U. de Illas Canarias	68,50	10,66	1,73	1,78	82,67	11,30	-	0,67	5,36	203.382.111
U. de Asturias	54,01	12,36	0,02	1,56	67,95	32,05	-	0,00	-	154.420.091
U. de Murcia	52,52	10,60	0,41	1,67	65,20	34,20	0,00	0,00	0,60	150.714.212
U. de Aragón	65,75	13,78	0,07	0,49	80,10	19,89	-	-	0,01	147.917.595
U. de Castela-A Mancha	49,64	16,45	0,43	2,03	68,55	31,28	-	0,16	-	115.020.423
U. de Extremadura	69,21	11,54	0,00	0,65	81,40	18,56	-	0,04	-	81.794.271
U. de Cantabria	54,74	12,27	-	1,60	68,61	31,25	-	0,14	-	69.374.785
U. de I. Baleares	57,27	18,94	-	1,22	77,42	22,05	0,53	-	-	49.180.164
U. de Navarra	55,19	24,11	0,01	4,21	83,52	16,42	-	0,07	-	46.430.585
U. de A Ríoxa	49,11	14,49	0,81	3,59	68,00	31,73	-	0,27	-	30.823.779
Total UU.PP. Presenciais	58,36	13,70	1,15	2,01	75,22	23,32	0,40	0,27	0,79	5.241.909.616

Fonte: CRUE, La universidad española en cifras

universidades analizadas, por detrás da universidade de Andalucía que acada un diferencial de 3,87 puntos porcentuais.

O total de obrigas netas asumidas pola universidade galega, son na súa maioría gastos correntes ascendendo no ano 2000 a 236,89 millóns de euros, o 69,1% do gasto total, representando este tipo de gastos o 0,653 do PIRB a prezos de mercado.

No que respecta ós gastos de capital, na universidade galega no ano 2000 ascenderon a 104,57 millóns de euros, o 30,5% do total de gastos e o 0,2883 do PIRB a prezos de mercado do citado ano.

O **cadro 2.7.**, mostra o peso porcentual sobre o gasto total da estrutura de gastos de cada universidade; centrándonos no caso galego observamos como o 53,37% do gasto total destínase a gas-

tos de persoal (capítulo 1), cinco puntos por debaixo da media das universidades públicas presenciais en España. A segunda partida en importancia de gasto son os investimentos reais (capítulo 6) co 30,5% do gasto total, sete puntos por encima da media estatal, seguida dos gastos correntes en bens e servicios (capítulo 2) co 13,3% do gasto total, porcentaxe similar á media estatal. ■

ANALISE COMPARADA DE MODELOS DE FINANCIAMENTO NO ESTADO ESPAÑOL

Neste apartado tratarase de analizar, dun xeito comparado, os diferentes modelos de financiamento das universidades do Estado español.

Dun xeito xeral destacar o feito de que no ano 2000, o 74,73% do financiamento das universidades públicas presenciais no conxunto de España tiña orixe pública, mentres que era de orixe privada o 24,25%; desta última porcentaxe, só o 10,05% ten como orixe as taxas pagadas polos estudantes; finalmente o 1,02% de financiamento restante ten unha orixe patrimonial.

O **cadro 2.8.**, mostra, dende unha perspectiva comparada, a estrutura da orixe do financiamento neto das universidades públicas españolas no ano 2000. O 5,97% do financiamento neto total das universidades públicas presenciais españolas do exercicio 2000 corresponde á universidade galega, sendo a porcentaxe de alumnos matriculados en dita universidade sobre o total estatal no curso 2000-01 do 7,3%, 0,6 puntos porcentuais por encima da porcentaxe de poboación galega sobre o total estatal (6,7%).

Dentro do financiamento neto do exercicio distinguimos entre recursos públicos, recursos privados e recursos patrimoniais. Os recursos públicos son, maioritariamente, a suma das transferencias correntes e das transferencias de capital, esta suma supón o 79,35% do financiamento total da universidade galega, ascendendo no ano 2000 a 249,72 millóns de euros; esta porcentaxe está case cinco puntos porcentuais por encima da media establecida no citado ano para o conxunto das universidades públicas presenciais do Estado.

A segunda partida en importancia dentro da estrutura do financiamento das universidades son os recursos privados integrados pola suma das taxas, prezos públicos e outros ingresos, e dos pasivos financeiros; esta partida ascendeu na universidade galega no exercicio 2000 a 61,54 millóns de euros, o 19,55% do financiamento total, case cinco puntos por debaixo da media estatal.

Cabe destaca-la escasa importancia deste capítulo dentro da estrutura do financiamento da universidade galega, xa que o seu peso porcentual

CADRO 2.8.

Estructura da orixe do financiamento neto das universidades públicas das CCAA 2000

	Recursos propios		Recursos alleos		Recursos públicos		Recursos privados		Recursos patrimoniais		Financiamento neto do exercicio	
	(1)	(%)	(2)	(%)	(3)	(%)	(4)	(%)	(5)	(%)	(1+2) = (6)	(3+4+5) (%)
	(euros)		(euros)		(euros)		(euros)		(euros)		(euros)	
U. de Madrid	181.071.471	19,18	762.998.105	80,82	751.092.946	79,56	183.915.454	19,48	9.061.176	0,96	944.069.577	17,91
U. de Cataluña	189.158.396	21,73	681.171.326	78,27	568.981.611	65,38	295.226.713	33,92	6.121.397	0,70	870.329.721	16,51
U. de Andalucía	215.132.331	25,92	614.943.349	74,08	628.379.775	75,70	187.791.339	22,62	13.904.567	1,68	830.075.681	15,75
U. de Valencia	126.171.129	19,58	518.100.417	80,42	445.128.278	69,09	194.421.316	30,18	4.721.952	0,73	644.271.546	12,22
U. de Castela e León	76.794.211	21,63	278.192.248	78,37	273.290.867	76,99	78.785.306	22,19	2.910.285	0,82	354.986.458	6,73
U. de Galicia	71.233.649	22,63	243.482.881	77,37	249.726.779	79,35	61.541.490	19,55	3.448.261	1,10	314.716.530	5,97
U. do País Vasco	47.200.648	20,01	188.661.113	79,99	193.130.225	81,88	41.405.426	17,55	1.326.110	0,56	235.861.761	4,47
U. de Illas Canarias	29.130.783	14,08	177.762.904	85,92	169.172.855	81,77	35.185.289	17,01	2.535.543	1,23	206.893.686	3,93
U. de Murcia	29.626.276	19,70	120.725.462	80,30	114.617.477	76,23	34.857.570	23,18	876.692	0,58	150.351.739	2,85
U. de Aragón	39.161.756	26,46	108.840.245	73,54	106.957.821	72,27	40.199.596	27,16	844.584	0,57	148.002.001	2,81
U. de Asturias	30.677.166	21,21	113.985.582	78,79	113.996.724	78,80	30.139.068	20,83	526.955	0,36	144.662.748	2,74
U. de Castela-A Mancha	23.705.706	16,71	118.186.803	83,29	99.530.807	70,15	40.948.416	28,86	1.413.287	1,00	141.892.509	2,69
U. de Extremadura	22.183.417	25,64	64.346.416	74,36	70.483.860	81,46	11.428.295	13,21	4.617.678	5,34	86.529.833	1,64
U. de Cantabria	15.751.950	23,14	52.314.516	76,86	52.693.995	77,42	14.527.214	21,34	845.257	1,24	68.066.466	1,29
U. de i. Balears	9.156.445	17,44	43.354.868	82,56	38.179.504	72,71	14.070.347	26,79	261.463	0,50	52.511.313	1,00
U. de Navarra	9.072.106	18,33	40.427.271	81,67	40.995.473	82,82	8.294.764	16,76	209.141	0,42	49.499.377	0,94
U. de A Ríoxa	5.820.361	20,48	22.601.650	79,52	22.672.830	79,77	5.574.120	19,61	175.060	0,62	28.422.010	0,54
Total UU.PP. Presenciais	1.121.047.803	21,27	4.150.095.154	78,73	3.939.031.825	74,73	1.278.311.723	24,25	53.799.409	1,02	5.271.142.957	100

Financiación Neta (F.N.) = Recursos Propios (Cap. 3 + 5 + 6 + 8, excluído el art. 87) + Recursos Alleos (Cap. 4 + 7 + 9)

Financiación Neta (F.N.) = Recursos Públicos ((Cap. 4 + 7) * (312.02 + 312.03) - (Art. 47 + 48 + 77 + 78)) + Recursos Privados ((Cap. 3 + 9) + (Art. 47 + 48 + 77 + 78)) - (312.02 + 312.03)) + Recursos Patrimoniais ((Cap. 5 + 6 + 8) - Art. 87)

Fonte: CRUE, La universidad española en cifras

CADRO 2.9.

Financiamento neto das universidades públicas das CCAA 2000: distribución segundo estudante matriculado en centros oficiais: indicadores financeiros

	Recursos propios		Recursos alleos		Recursos públicos		Recursos privados		Recursos patrimoniales		Financiamento neto	
	(euros)	(%)	(euros)	(%)	(euros)	(%)	(euros)	(%)	(euros)	(%)	(euros)	(%)
	(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)	(8)	(9)	(10)	(11)	(12)
U. de Cataluña	1.194.402	130,69	3.561.456	111,52	3.598.007	110,58	1.866.893	176,80	38.709	87,10	5.503.609	126,40
U. de Cantabria	1.231.862	134,79	4.117.632	128,93	4.147.501	127,46	1.143.425	108,28	66.530	149,70	5.357.455	123,04
U. de Navarra	962.353	105,30	4.288.456	134,28	4.348.729	133,65	879.894	83,33	22.185	49,92	5.250.809	120,59
U. de Madrid	977.343	106,94	4.023.089	125,97	4.085.380	125,55	1.000.361	94,73	49.286	110,90	5.135.027	117,93
U. de Valencia	947.032	103,62	3.277.099	102,61	3.341.102	102,68	1.459.313	138,20	35.443	79,75	4.835.857	111,06
U. de A Ríoxa	909.506	99,52	3.554.570	111,30	3.582.938	110,11	880.866	83,42	27.664	62,25	4.491.468	103,15
U. de Illas Canarias	603.811	66,07	3.573.189	111,89	3.625.029	111,41	753.949	71,40	54.332	122,25	4.433.309	101,81
U. de Castela-A Mancha	728.970	79,76	2.904.691	90,95	3.088.142	94,91	1.270.506	120,32	43.850	98,67	4.402.498	101,11
U. do País Vasco	880.626	96,36	3.519.863	110,22	3.603.243	110,74	772.504	73,16	24.741	55,67	4.400.488	101,06
U. de Murcia	784.669	85,86	2.946.176	92,25	3.311.782	101,78	1.007.192	95,38	25.331	57,00	4.344.296	99,77
U. de I. Baleares	725.148	79,34	3.235.369	101,31	3.023.640	92,92	1.114.306	105,53	20.707	46,59	4.158.653	95,51
U. de Castela e León	882.115	96,52	3.149.819	98,63	3.146.410	96,70	907.059	85,90	33.506	75,39	4.086.975	93,86
U. de Asturias	860.558	94,16	3.197.529	100,12	3.197.843	98,28	845.463	80,07	14.782	33,26	4.058.089	93,20
U. de Aragón	1.050.617	114,96	2.919.523	91,42	2.869.425	88,18	1.078.460	102,13	22.658	50,98	3.970.543	91,19
U. de Galicia	798.619	87,38	2.739.456	85,78	2.809.707	86,35	692.411	65,57	38.797	87,30	3.540.915	81,32
U. de Andalucía	812.794	88,93	2.399.362	75,13	2.500.387	76,84	747.241	70,76	55.328	124,50	3.302.956	75,86
U. de Extremadura	814.963	89,17	2.367.069	74,12	2.592.844	79,68	420.405	39,81	169.868	382,23	3.183.116	73,10
Total UU.PP. Presenciais	913.922	100	3.193.604	100,00	3.253.876	100	1.055.962	100	44.442	100	4.354.280	100

Financiación Neta (F.N.) = Recursos Propios (Cap. 3 + 5 + 6 + 8, excluido el art. 87) + Recursos Alleos (Cap. 4 + 7 + 9)

Financiación Neta (F.N.) = Recursos Públicos ((Cap. 4 + 7) * (312,02 + 312,03) - (Art. 47 + 48 + 77 + 78)) + Recursos Privados ((Cap. 3 + 9) + (Art. 47 + 48 + 77 + 78) - (312,02 + 312,03)) + Recursos Patrimoniales ((Cap. 5 + 6 + 8) - Art. 87)

Fonte: CRUE, La universidad española en cifras

CADRO 2.10.

Indicadores de ingresos das universidades públicas das CCAA 2000 en relación co PIB

	INGRESOS / P.I.R.B. p.m.			
	(1)	(2)	(3)	(4)
U. de Murcia	0,4775	0,7653	0,2328	1,0039
U. de Asturias	0,5136	0,7806	0,2064	0,9906
U. de Andalucía	0,5608	0,7355	0,2198	0,9716
U. de Castela e León	0,5446	0,7372	0,2125	0,9575
U. de Valencia	0,5477	0,6591	0,2879	0,9540
U. de Galicia	0,5430	0,6883	0,1697	0,8674
U. de Cantabria	0,4484	0,6639	0,1831	0,8574
U. de Madrid	0,4738	0,6791	0,1663	0,8536
U. de Illas Canarias	0,5664	0,6520	0,1356	0,7974
U. de Aragón	0,3924	0,5169	0,1943	0,7152
U. de Cataluña	0,3816	0,4637	0,2406	0,7093
U. de Extremadura	0,3990	0,5753	0,0933	0,7063
U. de Castela-A Mancha	0,2852	0,4321	0,1778	0,6160
U. do País Vasco	0,3942	0,5019	0,1076	0,6130
U. de A Ríoxa	0,3042	0,4458	0,1096	0,5588
U. de Navarra	0,2625	0,3708	0,0750	0,4477
U. de I. Baleares	0,1692	0,2150	0,0792	0,2956
Total UU.PP. Presenciais	0,4579	0,6030	0,1957	0,8069

(1) Transferencias correntes da Administración educativa / P.I.R.B. p.m.

(2) Recursos públicos / P.I.R.B. p.m.

(3) Recursos privados / P.I.R.B. p.m.

(4) Financiamento neto / P.I.R.B. p.m.

Fonte: CRUE, La universidad española en cifras

sobre o total de financiamento é o quinto máis reducido dentro das 17 universidades analizadas.

Finalmente, os recursos patrimoniais, integrados pola suma dos ingresos patrimoniais, alleamentos de investimentos reais e os activos financeiros, ascenderon a 3,4 millóns de euros no ano 2000 o que supón o 1,1% do financiamento total.

O financiamento neto por estudante matriculado en centros oficiais de ensino superior en Galicia ascendeu no ano 2000 a 3.540,915 euros, o que supón o 81,32% da media do Estado, que acada os 4.354,28 euros por alumno, ou o 64,32% de Cataluña, onde se acadan os 5.503,60 euros por alumno (cadro 2.9.).

Finalmente, o **cadro 2.10.** mostra a estrutura de ingresos en relación ó Producto Interior Rexional Bruto a prezos de mercado; neste senso, e centrándonos no caso da universidade galega, o financiamento neto alcanza no ano 2000 ó 0,8674% do PIRB, a Universidade galega é a sexta das dezasete analizadas cunha maior porcentaxe de financiamento neto sobre o PIRB a prezos de mercado, estando, así mesmo, por encima da media do conxunto de universidades públicas presenciais en 0,06 puntos porcentuais.

Fronte á porcentaxe de financiamento neto sobre o PIRB, o total de obrigas contraídas para o mesmo exercicio ascendía ó 0,9449% do PIRB (**cadro 2.5.**); polo que o saldo presupostario neto era negativo e ascendeu a 28.089.904 euros.

Analizados cuantitativamente os distintos sistemas financeiros, estudiaremos a continuación dous **modelos** concretos, como son o programa plurianual de financiación universitaria do sistema público universitario valenciano e o modelo para o financiamento das universidades públicas de Andalucía.

Programa plurianual de financiamento do sistema universitario valenciano

A finalidade do modelo de financiamento contido no Programa Plurianual de Financiamento do sistema público universitario valenciano, é dotar á Administración dun instrumento que, por un lado, garanta un financiamento obxectivo en función das necesidades específicas de cada universidade para ofrecer un servizo público de calidade similar e, por outro lado, que incentive a mellora da calidade das universidades de acordo cuns obxectivos preestablecidos.

O financiamento total corrente de cada universidade determínase mediante a suma de catro compoñente diferenciados:

1.- Financiamento fixo: financiamento que se asigna a cada universidade en concepto de custos mínimos de funcionamento ordinario.

2.- Financiamento básico: establecido en función dos custos en que debe de incorrer a universidade para impartir a docencia de acordo cuns estándares de calidade prefixados. (Este compoñente do financiamento supón o 86,75% do financiamento total).

3.- Financiamento de custos inducidos pola normativa estatal: establecida en función dun conxunto significativo de conceptos de custo que as universidades deben atender e sobre os que non teñen capacidade de decisión algunha.

4.- Financiamento ligado a obxectivos: establecido en función do grao de cumprimento dos obxectivos prefixados para cada universidade.

O financiamento do Sistema Universitario Valenciano (SUV) obtense, basicamente, mediante dúas fontes distintas:

1.- Os orzamentos da Generalitat valenciana, que financia a maior parte dos gastos correntes e de investimento das universidades. A participación nos orzamentos no financiamento das universidades realízase a través de:

- a) A subvención fixa anual.
- b) A subvención ordinaria anual ou subvención básica: esta partida financia o compoñente do financiamento básico nun 68,75% do financiamento total.
- c) A compensación dos custos derivados da normativa estatal e autonómica, que financia a totalidade dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica.
- d) A subvención adicional condicionada que financia a totalidade do financiamento ligado a obxectivos.

2.- O Plan de investimentos.

- a) A percepción de prezos públicos pola pres-

tación de servizos de ensino superior.

- b) Os recursos derivados das actividades de investigación, asesoramento e demais servizos externos levados a cabo pola universidade.

Modelo para o financiamento das universidades públicas de Andalucía

Os obxectivos a cumprir polo modelo de financiamento do sistema universitario andaluz son os de garantir a suficiencia financeira das universidades andaluzas, garantir que dito financiamento, ademais de ser suficiente, se aplica de forma que se alcancen niveis óptimos de eficiencia no gasto público e, finalmente, garantir a existencia de mecanismos que aseguren a máxima transparencia e control na xestión dos recursos públicos involucrados en termos de maior corresponsabilidade posible entre as universidades e a administración que financia.

Para a consecución dos citados obxectivos, aplicarase o sistema de financiamento das universidades andaluzas que, para o período 2002-2006, estará constituído por tres compoñentes:

1.- Financiamento ordinario.- destinado a cubrir e financia-las operacións correntes das universidades andaluzas.

2.- Financiamento de investimentos.- destinado a financia-la creación ou mantemento das infraestruturas que precisa a actividade universitaria.

3.- Financiamento da investigación.- destinado a financia-la promoción e o desenvolvemento da actividade investigadora que se leva a cabo nas universidades andaluzas.

A distribución dos recursos públicos destinados ó financiamento ordinario das universidades andaluzas debe realizarse de xeito que se cumpran os obxectivos de racionalización do gasto, equidade no reparto e xeración de suficientes incentivos e pautas de comportamento que permitan favorecer a calidade. Por todo elo a distribución dos recursos destinados ó financiamento ordinario das universidades levarase a cabo aplicando un mode-

lo de financiamento que permita sufragar os custos reais da produción do servizo público universitario, así como optimizar o gasto, primar a maior satisfacción das demandas sociais e garantir mellores resultados no desenvolvemento da súa actividade.

Así, se a cantidade global de financiamento garante a suficiencia financeira das universidades, a aplicación do modelo de financiamento debe garantir a súa vez:

- A cobertura dos custos reais de funcionamento homoxeneizados do sistema universitario.
- Reequilibrio financeiro entre as diversas universidades.
- Financiamento vinculado á maior ou menor satisfacción da demanda.
- Cobertura dos custos da actividade ordinaria e dos plans concertados entre todas ou algunhas universidades e a *Consejería de Educación y Ciencia*.
- Incentivos á calidade e á excelencia derivados do financiamento desigual provinte do distinto nivel de resultados alcanzados.

Para logralos citados obxectivos, o volume total de recursos que constitúen o Financiamento Ordinario Público distribuirase en dous grandes apartados:

1.- Financiamento Ordinario Básico: Está destinada a satisfacer as necesidades de financiamento que para o desenvolvemento operativo ordinario demandan as institucións universitarias; o financiamento que por este concepto recibirá anualmente as universidades terá carácter xenérico e incondicionado. A cantidade a distribuír pola vía do financiamento ordinario básico é do 90% do total do financiamento ordinario público.

Este tipo de financiamento consta de tres bloques:

a) Financiamento básico de carácter estrutural: A xustificación desta fonte de financiamento radica na existencia duns custos fixos chamados de establecemento, que o modelo de financiamento aborda dun xeito lineal para todas as universidades.

b) Financiamento básico vinculado á oferta universitaria: A presenza en cada universidade dunha diferente oferta de titulacións, determina, con independencia e cal sexa a demanda de cada unha delas, a existencia duns custos de implantación e mantemento. O modelo de financiamento distribúe os recursos destinados a sufragar os custos derivados da presenza da oferta universitaria de acordo co perfil da oferta que identifica a cada unha das universidades e que está directamente relacionado coa duración temporal programada para a obtención do título universitario ofertado e co carácter experimental asignado a cada titulación.

c) Financiamento básico vinculado á demanda de servizos docentes universitarios: Este terceiro bloque do financiamento ordinario básico constitúe o eixo central do Modelo de financiamento, tanto pola súa relevancia para a identificación e cuantificación das necesidades financeiras que as universidades públicas presentan para o desenvolvemento das súas actividades, como pola súa determinación para proceder á distribución dos recursos dispoñibles por este concepto entre as universidades que operan no sistema. O elemento básico en un e outro caso, é o alumno financiable que demanda unha determinada docencia que comporta para a súa prestación incorrer nuns custos que o provedor, institución universitaria, debe financiar pola vía pública, subvencións, e privada, prezos.

2.- Financiamento Ordinario Condicionado: A este tipo de financiamento destínase o 10% do total de financiamento ordinario, sendo a súa estrutura e obxectivos os seguintes:

a) Financiamento para Plans concertados: destínase á cofinanciación dunha serie de actuacións e programas.

b) Financiamento afecto a resultados: a percepción por parte dunha determinada institución desta modalidade de financiamento queda vinculada á consecución de determinados obxectivos e ó logro duns resultados que virán definidos e obxectivados por un conxunto de indicadores de calidade e resultados. ■